

PULP FICTION

[Quentin Tarantino, 1994]

259

ESTREA EN NUMAX: 07.07.2017 | V.O.S.E. | +18

Pulp Fiction (1996, 153')

Dirección: Quentin Tarantino

Guión: Quentin Tarantino, Roger Avary

Elenco: John Travolta, Samuel L. Jackson, Uma Thurman, Bruce Willis, Ving Rhames, Harvey Keitel, Tim Roth, Amanda Plummer, Maria de Medeiros, Eric Stoltz

Montaxe: Sally Menke

Vestuario: Betsy Heimann

Fotografía: Andrzej Sekula

Dirección de arte: Charles Collum

Produtoras: Miramax Films, Band Apart, Jersey Films (Estados Unidos)

Distribuidora: Lauren Film

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1994 (Mellor guión orixinal, 7 nominacións, incluíndo mellor filme), Globo de Ouro 1994 (mellor guión, 6 nominacións), Cannes 1994 (Palma de Ouro, mellor filme), Premio David di Donatello (Mellor filme e actor estranxeiro –John Travolta–), Premios BAFTA (Mellor actor secundario – Samuel L. Jackson– e guión)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Os odiosos oito, 2015

Django desencadenado, 2012

Malditos bastardos, 2009

Deathproof, 2007

Kill Bill: volumen 1, 2003

Jackie Brown, 1997

Reservoir Dogs, 1992

SINOPSE

Jules e Vincent, dous asasinos a soldo con non demasiadas luces, traballan para o gánster Marsellus Wallace. Vincent confésalle a Jules que Marsellus lle pediu que coide de Mia, a súa atractiva muller. Jules recoméndalle prudencia porque é moi perigoso sobrepasarse coa moza do xefe. Cando chega a hora de traballar, ambos deben poñerse mans á obra. A súa misión: recuperar un misterioso maletín.

«*Pulp Fiction* é como esas novelas nas que vas comprobando cantas páxinas che quedan coa esperanza de que haxa máis, e non menos»

Mick LaSalle, SAN FRANCISCO CHRONICLE



“En *Pulp Fiction* quixen facer tres filmes polo prezo de un”

Entrevista a **Quentin Tarantino**
Por *Michel Ciment e Hubert Niogret*

O guión de *Pulp Fiction* procede de relatos orixinais teus e de *Roger Avary*, non é? A idea para *Pulp Fiction* naceu mesmo antes de comezar a escribir *Reservoir Dogs* (1992). Tentaba imaxinar como facer un filme sen diñeiro, así que pensei nunha curta que se puidese exhibir en festivais que fose como unha carta de presentación de cara a unha longa. Daquela pensei na historia de Vincent Vega e a muller de Marsellus e pensei: por que non escribir unha segunda historia criminal para unha curta, e logo gravar unha detrás da outra cando xunte diñeiro suficiente? O proceso aseméllase bastante ao de Jim Jarmusch en *Extraños en el paraíso* (1984), amosando unha parte nun festival para conseguir o financiamento preciso para acabar o filme.

Daquela telefonei ao meu amigo Roger Avary para preguntarlle se podía escribir unha segunda historia mais coa condición de que fose o máis clásica posíbel. E iso é o que fixo. Aínda escribiu unha terceira historia que finalmente se empregou para *Reservoir Dogs*. Cando volvemos ao proxecto tempo despois abandonamos a idea dunha antoloxía.

O que eu realmente quería facer era poñer unha novela en escena, con personaxes que entrasen e saísen, que tivesen a súa propia historia e puidesen aparecer en calquera momento. Con *Pulp Fiction* quixen facer tres filmes polo prezo de un! Quixen que cada personaxe de *Pulp Fiction* puidese ter entidade como heroe principal. Se fixese un filme, por exemplo, sobre Butch e Fabienne como personaxes principais, o que interpreta John Travolta probablemente non tería nome. Sería simplemente *Tipo duro n.º1*. Mais coa concepción final de *Pulp Fiction* el é Vincent Vega. Coñecemos a súa personalidade, temos unha idea do seu modo de vida, non é simplemente un personaxe de recheo. Así, cando lle disparan o espectador sente algo.

Que pensas dos críticos que coidan que a túa xeración, con Tim Burton, os irmáns Coen ou mesmo cineastas anteriores como David Lynch, facedes simplemente cinema postmoderno sen conexión coa realidade, apenas un xogo formalista? Eu non tento dicir nada, só creo personaxes cuxas historias poden facer emerxer algún significado. Fago filmes sobre a vida desde o momento en que fago filmes sobre min mesmo, sobre o que me interesa. O único adestramento artístico que tiven é como actor. Un actor ten unha aproximación estética ao filme moi diferente ca un director ou guionista. O actor usa o que pode funcionar. Sen traizoar a verdade do meu estilo, o meu ritmo e voz, cando vía algo que me gustaba en interpretacións de Marlon Brando ou Michael Cane, empregábo na miña propia actuación.

Os actores fan así: rouban cousas doutros e asimílanas.

Non me considero só un director, tamén son un cinéfilo que ten a inmensa fortuna de poder coller cousas dos filmes que máis me gustan, darlles novas formas, poñer xuntas cousas que antes estaban separadas. Mais ese labor non debe entorpecer a narración do filme, a miña primeira intención é contar unha historia dramaticamente cativadora. O que conta é que o espectador fiquen atrapado. Logo os cinéfilos poden atopar un pracer adicional ao detectar as distintas citas que se atopan nel. Mais intento non facer só unha copia exacta ou cita precisa dos filmes que me gustan. As copias danme dor de cabeza. Gústame mesturar cousas, por exemplo, a historia do reloxo dourado comeza co espírito de *Cuerpo y alma* (Robert Rossen, 1947) e remata cun clima semellante a *Defensa* (John Boorman, 1972). Co que máis gozo é coa distorsión da dimensión espazo-temporal, saltar dun mundo a outro. Non precisas coñecer estes dous filmes para apreciar a historia do reloxo, mais se os tes visto pode resultar aínda máis sorprendente e divertido. Ás veces teño unha idea para un filme e, 5 ou 6 anos despois, introdúzoa nun guión. Cando remato de escribilo case sempre fico abraiado do que esa historia conta de min. É coma se cada filme me faga descubrir unha chea de segredos persoais, aínda cando o público pode que non se decate, e a verdade é que non me importa se se decata ou non.

Publicado en *Positif*, n.º 405, novembro 1994
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX